

A SUBSTANCIA

Coralie Fargeat, 2024

1390

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2024 | V.O.S.E. | +18 | 140 min

"Ti, pero mellor en todos os sentidos". Esa é a promesa da Substancia, un produto revolucionario baseado na división celular que crea un alter ego máis novo, máis fermoso, máis perfecto.

«Brutal, indecente, impúdica,
salvaxe, sen control e, o que conta
finalmente, irrenunciable»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Coralie Fargeat: «Estamos tan acostumbradas a enfrentarnos con tanta violencia cos nosos corpos que o internalizamos»

Por *Fernanda Pérez Sánchez*

Ultimamente penso moito se teño “data de caducidade”. Fixen 30 en marzo, non debería estar pensando niso, hai tantas persoas que me din “es tan nova” e, ao mesmo tempo, tantos estímulos sobre como coidar esa xuventude que se me escapa das mans. (...) Por iso penso que *A substancia* chegou nun momento moi adecuado para min, para unha das miñas mellores amigas con quen falei destes mesmos temores, pera a miña nai que está comezando a súa menopausa. E así, dunha en unha, a cinta dirixida pola cineasta francesa Coralie Fargeat, tocará moitas máis mulleres de formas distintas. É esperanzador e, á vez, triste.

(...) “Violento” é unha palabra que se repite con frecuencia durante a miña conversa con Coralie. A súa historia é abertamente violenta polo subtexto: A indiferenza da mirada masculina ante o devir dunha muller que algún día venerou; pequenos detalles como a nota que Elizabeth recibe do seu equipo na que lle escriben “fuches marabillosa”, dando espazo ao espectador para que pense por que xa non o é; escenas máis gráficas nas que non se necesita nin unha soa liña para entender que a protagonista está sendo consumida pola idea do seu outro máis novo, e incluso outras onde Moore, completamente envellecida e devastada admite en voz alta que “se odia a si mesma”.

A substancia levou a Palma de Ouro na categoría de Mellor Guión no Festival de Cannes 2024 onde se presentou por primeira vez. O galardón fai xustiza á maneira tan descarnada na que a directora escribiu a terceira longametraxe da súa filmografía. “Gustaríame expresar cara fóra toda a violencia que sinto por dentro todos os días sobre todas as mensaxes que nos rodean que queren encadrarnos (ás mulleres). Quizais sorrimos, pero o que ocorre dentro é súper violento”, di Fargeat. Recentemente vin máis publicacións en redes sociais sobre como se aborda a ira feminina no cinema desde o punto de vista de directoras como *Promising Young Woman* (2020) de Emerald Fennell ou, en México, Natalia Beristain con *Ruido* (2022). *A substancia* pode sumarse a estes exemplos co seu cruel retrato sobre a beleza, a xuventude e o desbotable que son as mulleres, sobre todo, na industria do entretemento. Coralie Fargeat valeuse do horror corporal para expresar con suma precisión os seus pensamentos en torno a estes temas.

“Creo que lle chaman horror corporal por unha razón”, sinala Margaret Qualley sobre o xénero do filme, “estaba intentando encarnar fisicamente algo que era inalcanzable, pegábanme cousas, poñíanme cintas, tiraban e axustaban”. Sue é a representación da perfección absoluta de acordo os estándares de beleza occidentais e, á súa vez, preparalo foi unha mostra do cárcere destes mesmos estándares. “Era a idea de perfección de Coralie”, engade.

Se o paso do tempo é sinónimo de perecer e seguirlle o ritmo aos estereotipos de beleza femininos resulta practicamente imposible e, polo tanto, frustrante, habitar u corpo feminino é unha experiencia de horror corporal en si mesma? “Estaba lendo un artigo cun título que me encantou que dicía: ser muller é horror corporal”, conta Coralie mentres solta unha risa amarga, “é tan certo, estamos tan acostumbradas a enfrentarnos con tanta violencia cos nosos corpos que o internalizamos e creo que o horror corporal é a perfecta maneira metafórica de expresar esa violencia, expresar de forma ficcionada todo o que o noso corpo atravesamos, o que facemos que o noso corpo atravesamos, o que a sociedade fai que o noso corpo atravesamos”.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Pelea de gallos,
María Fernanda Ampuero.
Páginas de Espuma, 2018

*Te di ojos y miraste las
tinieblas,*
Irene Solà.
Anagrama, 2023

*Las cosas que perdimos en
el fuego,*
Mariana Enríquez.
Anagrama, 2016